# Descubrindo

Deputación DA CORUÑA

# A paisaxe que sabe

## da man de 20 restauradores/as

## e 20xvinte®

Deputación DA CORUÑA

# A *paisaxe* que sabe

*Praia de Vilarube*
**VALDOVIÑO**

*Fervenza do Rio Belelle*
**NEDA**

*Centro da Natureza de Chelo*
**COIRÓS**

*Encoro de Abegondo Cecebre*
**ABEGONDO**

*Miradoiro do Monte Xalo*
**CULLEREDO**

*Muiños de Costa da Ègoa*
**CARRAL**

*Derrubando Muros con Pintura*
**CARBALLO**

*Ponte Maceira*
**NEGREIRA**

*Centro histórico de Noia*
**NOIA**

**PAN**

*turismodacorunagal*

Xosé Regueira | Vicepresidente e responsable de Turismo da Deputación da Coruña

## Ola

*A nosa gastronomía é consecuencia do noso territorio, forma parte da nosa esencia e idiosincrasia. Neste recuncho tan auténtico, podemos afirmar que "comemos o que somos".*

*Mais non sería posible sen o bo facer dos nosos restauradores e restauradoras, que están despuntando a nivel internacional, indo máis aló da calidade para mesturar innovación, sustentabilidade e por suposto, legado.*

*Cada bocado dos nosos produtos locais, cada prato cociñado polos nosos chefs, é capaz de trasladarnos no espazo – tempo a este territorio, á nosa historia e patrimonio.*

*Degustar* **A Coruña** *é moito máis que probar a nosa cociña: é coñecer a nosa historia, a nosa cultura, o noso territorio e as nosas xentes. Convidámoste a mergullarte nesta paisaxe que sabe.*

## Hola

Nuestra gastronomía es consecuencia de nuestro territorio, forma parte de nuestra esencia y de nuestra idiosincrasia. En este rincón, tan auténtico, podemos afirmar que "comemos lo que somos".

Pero esto no sería posible sin el buen hacer de nuestros restauradores y restauradoras, que destacan internacionalmente, yendo más allá de la calidad para combinar innovación, sostenibilidad y, por supuesto, legado.

Cada bocado de nuestros productos locales, cada plato cocinado por nuestros chefs, es capaz de transportarnos en el espacio-tiempo a este territorio, a nuestra historia y a nuestro patrimonio.

Degustar **A Coruña** es mucho más que probar nuestra cocina: es conocer nuestra historia, nuestra cultura, nuestro territorio y nuestra gente. Te invitamos a sumergirte en este paisaje que sabe.

## Hi

Our gastronomy is the consequence of our territory; it is an integral part of our essence and idiosyncrasy. In this truly authentic nook, we can state that “we eat what we are”.

However, this would not be possible without the good deeds of our restaurateurs, who are excelling internationally, going beyond just quality to combine innovation, sustainability, and, of course, legacy.

Each bite of our local products and each meal cooked by our chefs is capable of moving us in space and time to this land, to our history and patrimony.

Savoring **A Coruña** is more than just tasting our food: it’s about knowing our history, culture, territory, and people. We invite you to immerse yourself in this land with taste.

# Non perdas / No te pierdas / Do not miss

1. Fervenza de Castriz (Santa Comba)
2. Praia de Area Maior (Muros)
3. Mercado da Praza de Lugo (A Coruña)
4. Praia de Area Pequena (Malpica)
5. A Ponte Maceira (Ames/Negreira)
6. Padrón
7. Catedral de Santiago
8. Praia da Arnela (Fisterra)
9. Pesqueiras do Tambre (Outes/Noia)
10. Pico Sacro (Boqueixón)
11. Castro de Baroña (Porto do Son)
12. Cabana de Bergantiños
13. Miradoiro da Bailadora (Ares)
14. Praia dos Cristais (Laxe)
15. Gabenlle (A Laracha)
16. Praia de Soesto (Laxe)
17. Cabo Prior (Ferrol)
18. Calas da Pobra do Caramiñal
19. Fervenza da Noveira (Mazaricos)
20. Miradoiro de Monte Branco (Ponteceso)

Deputación DA CORUÑA

turismo.dacoruna.gal
@DACTurismo
Turismo da Deputación da Coruña
Dacturismo

1

# Fervenza de Castriz (Santa Comba)

*A carón do río Mira, afluente do Xallas, atopamos un espazo máxico. Cos seus muíños restaurados, é unha homenaxe á historia e á identidade rural. O son da auga, o canto dos paxaros e o frescor da vexetación fan desta área recreativa un recuncho único para merendar, pasear ou simplemente escoitar o río mentres desconectamos e gozamos da natureza.*

Junto al río Mira, afluente del Xallas, encontramos un espacio mágico. Con sus molinos restaurados, es un homenaje a la historia y a la identidad rural. El sonido del agua, el canto de los pájaros y la frescura de la vegetación hacen de esta área recreativa un espacio único para merendar, pasear o simplemente escuchar el río mientras desconectamos y disfrutamos de la naturaleza.

Next to the Mira river we can find a magical space. With restored water mills, it's a homage to history and rural identity. The sound of the water, the birdsong and the cool vegetation make this recreational area a unique place for an afternoon snack, a walk, or simply to listen to the river while we disconnect and enjoy nature.

Manuel García
*Chef. Retiro da Costiña*

# 2 Praia de Area Maior (Muros)

*Extensa e tranquila, é unha desas praias nas que podes experimentar a sensación de liberdade mesmo en pleno agosto e que te convida a mergullarte por enteiro na natureza, arroupada polo mar, a lagoa de Xalfas e o monte Louro. No camiño, gústame parar no Freixo para comer unhas ostras; non hai mellor aperitivo para un día perfecto.*

Extensa y tranquila, es una de esas playas en las que puedes experimentar la sensación de libertad incluso en agosto y que te invita a disfrutar plenamente de la naturaleza, envuelta por el mar, la laguna de Xalfas y el monte Louro. De camino, me gusta parar en O Freixo para comer unas ostras; no hay mejor aperitivo para un día perfecto.

Expansive and calm, it's one of those beaches where you can experience the feeling of freedom even in August, and which invites you to fully enjoy nature, surrounded by the sea, the Xalfas lagoon and Mount Louro. On the way there, I like to stop in O Freixo to eat some oysters; there's no better appetizer for a perfect day.

**Lucía Freitas**
*Cociñeira. A Tafona*

# 3 Mercado da Praza de Lugo (A Coruña)

*O Mercado da praza de Lugo é un auténtico espectáculo do mar: 52 postos de peixe e de marisco fresquísimos traídos directamente das lonxas e portos da provincia. Destacan tamén as súas carnes, froitas e verduras de produtores locais. É un lugar cheo de vida, frescura e variedade que todo turista debería visitar para sentir a esencia da Coruña.*

El Mercado de la plaza de Lugo es un auténtico espectáculo del mar: 52 puestos de pescado y marisco fresquísimos traídos directamente de las lonjas y puertos de la provincia. También destacan sus carnes, frutas y verduras de productores locales. Es un lugar lleno de vida, frescura y variedad que todo turista debería visitar para sentir la esencia de A Coruña.

The market in Plaza de Lugo is a genuine sea-spectacle: 52 stands of the freshest fish and seafood brought directly from the fish markets and ports of the province. Their locally produced meats, fruits and vegetables also stand out. It's a place full of life, freshness, and variety that all tourists should visit to feel the essence of A Coruña.

**Luis Veira**
*Chef e propietario. Árbore da Veira*

# 4 Praia de Area Pequena (Malpica)

*En Seiruga, na parroquia de Barizo, atopamos este pequeno paraíso: unha praia moi tranquila e de escasa ocupación que ademais adoita estar moi protexida do vento. É un lugar que convida a sentir a calma e tamén a desfrutar do esnórquel e do buceo, pois son moitos os peixes que se agochan entre as rochas e as coviñas que estas forman.*

En Seiruga, en la parroquia de Barizo, encontramos este pequeño paraíso: una playa muy tranquila y de poca ocupación que además suele estar muy protegida del viento. Es un lugar que invita a sentir la calma y también a disfrutar del esnórquel y del buceo, pues son muchos los peces que se esconden entre las rocas y las pequeñas cuevas que estas forman.

In Seiruga, in the parish of Barizo, we find this small paradise: a tranquil, nearly-empty beach which is normally well protected from the wind. It's a place that invites one to feel the calmness, but also to enjoy snorkeling and diving, as there are many fish hidden between the rocks and the small caves which they form.

**Xurxo Agrasar**
*Pasteleiro. As Garzas*

# 5 A Ponte Maceira (Ames/Negreira)

*Sentar nun penedo xunto ao río, escoitar o murmurio da auga mentres debuxa historias entre as pedras e camiñar sen présa á beira do Tambre ou mentres cruzo a ponte medieval é todo un luxo do que me gusta desfrutar de cando en vez. O complemento ideal para finalizar esta pequena ruta é para min tomar unha cervexa ben fresquiña no bar do pobo.*

Sentarse en una roca junto al río, escuchar el murmullo del agua mientras dibuja historias entre las piedras y caminar sin prisa a orillas del Tambre o mientras cruzo el puente medieval es todo un lujo del que me gusta disfrutar de vez en cuando. El complemento ideal para finalizar esta pequeña ruta es tomar una cerveza fresquita en el bar del pueblo.

A luxury I like to enjoy from time to time is to sit on a rock alongside the river, listen to the burble of the water while it traces a path among the rocks, and walk without hurry along the shore of the Tambre or while crossing the medieval bridge. The perfect addition to bring the route to an end is a crisp beer at the town's bar.

**Marcelo Tejedor**
*Chef e propietario. Casa Marcelo*

6

# Padrón

*Vila literaria e xacobea, acolle a Casa Rosalía de Castro e a Fundación Camilo José Cela. As súas rúas e prazas medievais, acariñadas polo Sar, gardan o célebre Pedrón ao que se amarrou a barca do Apóstolo. Historia, cultura e tradición enchen cada recuncho con símbolos como o convento de Herbón e o seu pemento, ou as pesqueiras do Ulla e a súa lamprea.*

Villa literaria y jacobea, acoge la Casa Rosalía de Castro y la Fundación Camilo José Cela. Sus calles y plazas medievales, mecidas por el Sar, custodian el célebre pedrón al que se amarró la barca del Apóstol. Historia, cultura y tradición llenan cada rincón con símbolos como el convento de Herbón y su pimiento o las pesqueiras del Ulla y su lamprea.

A literary town, it is home to the Rosalía de Castro House and the Camilo José Cela Foundation. The medieval streets and squares, cradled by the Sar river, protect the famous pedrón, the rock to which the Apostle's boat was moored. History, culture and tradition fill every corner with symbols such as the Herbón convent and its peppers, or the pesqueiras (fishing dams) of the Ulla river and their lamprey.

**Óscar Vidal e Manolo Vidal**
*Xefe de cociña e xerente. Asador O'Pazo*

# 7 Catedral de Santiago

*Ter a Catedral a tan só uns metros da casa é un verdadeiro privilexio. É un referente mundial de peregrinación e, máis ca un monumento, trátase de todo un símbolo que lle dá sentido a Compostela. Recomendamos deterse fronte a fachada da praza do Obradoiro, deixarse levar polos séculos de historia e empaparse da enerxía que desprende a fin do Camiño.*

Tener la Catedral a pocos metros de casa es un verdadero privilegio. Es un referente mundial de peregrinación y, más que un monumento, es un símbolo que da sentido a Compostela. Recomendamos detenerse frente a la fachada de la plaza del Obradoiro, dejarse llevar por siglos de historia y empaparse de la energía que desprende el final del Camino.

Having the Cathedral just a few meters from home is a real privilege. It's a world landmark of pilgrimage, and more than a monument, it's a symbol that gives meaning to Compostela. We recommend stopping in front of the façade in Plaza del Obradoiro, letting yourself be swept through centuries of history and soaking in the energy that the Camino's end brings.

Claudia Merchán e Áxel Smyth

*Fundadores. Simpar*

# 8 Praia da Arnela (Fisterra)

*É un remanso de paz na costa, onde o mar convida á reflexión máis ca ao baño. Rodean o areal uns cantís de soño, nos que ruxe o Atlántico abrindo ladeiras cubertas de bosques, paraxes ideais para desfrutar da liberdade salvaxe da nosa paisaxe. Atesoura lembranzas felices da miña nenez e abre un diálogo mudo co vento de nordés.*

Es un remanso de paz en la costa, en el que el mar invita a la reflexión más que al baño. Rodean el arenal unos acantilados de ensueño, en los que ruge el Atlántico, con laderas cubiertas de bosques, parajes ideales para disfrutar de la libertad salvaje de nuestro paisaje. Atesora recuerdos felices de mi niñez y abre un diálogo mudo con el viento de nordés.

This beach is a peaceful haven on the coast, where the sea is more apt for reflection than for swimming. Dreamy cliffs battered by the Atlantic, with forest-covered slopes, surround the sand. The scene is ideal for enjoying the wild freedom of our landscape. It guards treasured, happy memories from my childhood, and opens a silent dialogue with the northeastern winds.

**Brais Pichel**
*Cociñeiro e propietario. Terra*

# 9

# Pesqueiras do Tambre (Outes/Noia)

*Sempre que vén alguén de visita, gústanos levalo alí. No hotel foi onde Eva comezou a cociñar e parécenos un espazo natural incrible do que non se fala moito. Conserva as antigas pesqueiras da lamprea e o edificio da histórica central hidroeléctrica deseñado por Antonio Palacios. Pódense facer varias rutas de sendeirismo e cruzar a ponte colgante.*

Siempre que viene alguien de visita, nos gusta llevarlo allí. En el hotel fue donde Eva comenzó a cocinar y nos parece un espacio natural increíble del que no se habla mucho. Conserva las antiguas pesqueiras de la lamprea y el edificio de la histórica central hidroeléctrica diseñado por Antonio Palacios. Se pueden hacer varias rutas de senderismo y cruzar el puente colgante.

Whenever anyone comes to visit, we like to take them here. Eva started cooking in the hotel, and to us it's an incredible natural place that isn't talked about much. The old lamprey pesqueiras (fishing dams) and the historic hydroelectric dam building, designed by Antonio Palacios, are still in place. One can do various hiking routes and cross the hanging rope bridge.

**Fernando Rodríguez e Eva Guzmán**
*Xefe de cociña e xefa de sala. O Secadeiro*

10

# Pico Sacro (Boqueixón)

*A montaña de cuarzo máis máxica de Galicia alberga lendas e historias fantásticas, que falan da raíña Lupa, de dragóns, de covas que atravesan o pico ou de buracos onde viven os mouros. É identidade e cultura. E tamén un enclave estratéxico grazas á súa gran panorámica sobre o val do Ulla, ofrecéndolle ao peregrino as primeiras vistas sobre Compostela.*

La montaña de cuarzo más mágica de Galicia alberga leyendas e historias fantásticas, que hablan de la reina Lupa, de dragones, de cuevas que atraviesan la cima o de moradas de ***mouros***. Es identidad y cultura. Y también un enclave estratégico gracias a su gran panorámica sobre el valle del Ulla, ofreciendo al peregrino las primeras vistas de Compostela.

The most magical quartz mountain in Galicia holds legends and fantasies that speak of Queen Lupa, dragons, caves that criss-cross the peak, or the dwellings of the ***mouros***, mythical creatures said to live underground. It's identity and culture; it's also a strategic enclave thanks to its panoramic view of the Ulla valley, offering pilgrims their first view of Compostela.

**Roberto Filgueira e Marta Fernández**

*Cociñeiro e xefa de sala. O Balado*

11

# Castro de Baroña (Porto do Son)

*Cando necesito osixenar, subo ao penedo máis alto do Castro de Baroña e limítome a observar e relaxarme. A paisaxe é espectacular, con toda a ría de Muros e Noia aos nosos pés, pero ademáis é que o lugar emana sen ningunha dúbida algo máxico que se sinte claramente aínda que non se poida explicar. A min sempre me recarga as pilas.*

Cuando necesito oxigenarme, subo a la roca más alta del Castro de Baroña y me limito a observar y relajarme. El paisaje es espectacular, con toda la ría de Muros y Noia a nuestros pies, pero además es que el lugar emana sin ninguna duda algo mágico que se siente claramente aunque no se pueda explicar. A mí siempre me recarga las pilas.

When I need some oxygen, I climb the highest boulder at Castro de Baroña and simply observe and relax, nothing more. The view is spectacular, with all of the Muros and Noia estuary at our feet; more than that, the place unquestionably emits some magic which is clearly felt despite being unexplainable. Without a doubt, it recharges my batteries.



**André Arzúa**
*Chef e propietario. Espazo Abella*

# 12 Cabana de Bergantiños

*Como en toda a Costa da Morte, os seus ingredientes son de primeira: dende as pedras milenarias do dolmen de Dombate e do castro de Borneo ata as fermosas paraxes da desembocadura do Anllóns e da ría de Corme e Laxe, que poden abarcarse a pracer dende miradoiros como o dos Picotos. As súas praias tranquilas e os seus mariscos redondean o menú.*

Como en toda la Costa da Morte, sus ingredientes son de primera: desde las piedras milenarias del dolmen de Dombate y del castro de Borneiro hasta los hermosos parajes de la desembocadura del Anllóns y de la ría de Corme y Laxe, que pueden disfrutarse a placer desde miradores como el de los Picotos. Sus playas tranquilas y sus mariscos redondean el menú.

As with everywhere along the Costa da Morte, the ingredients here are first class: from Dombate dolmen's millennials-old stones and the Borneiro castro (neolithic settlement) to the beautiful scenes of the Anllon river's mouth and the Corme and Laxe estuary, all of which can be enjoyed from lookouts such as Los Picotos. The calm beaches and seafood complete the menu.

**Álvaro Victoriano**
*Chef, CEO e fundador. Grupo Peculiar*

# 13 Miradoiro da Bailadora (Ares)

*Cunha panorámica impresionante, dende este miradoiro apréciase toda a ría de Ferrol, os castelos da Palma e de San Felipe e, nos días despexados, mesmo a Torre de Hércules. Transmite paz e pódese subir andando dende a Enseada do Baño, gozando na ruta de regatos, fontes e antigas casas de mariñeiros.*

Con una panorámica impresionante, desde este mirador se contempla toda la ría de Ferrol, los castillos de A Palma y San Felipe y, en días claros, hasta la Torre de Hércules. Transmite paz y se puede subir andando desde la Enseada do Baño, disfrutando en la ruta de ríos de lavar, fuentes y antiguas casas de marineros.

With an impressive panoramic view, from this lookout one can observe all of the Ferrol estuary, the castles of A Palma and San Felipe and, on clear days, see all the way to the Torre de Hércules. It transmits peace, and can be reached by walking from Enseada do Baño, along the way enjoying sights such as washer-woman rivers, fountains, and old fishermen's homes.

José M. P. Valiente e Nair González

*Propietarios. Muelle 43*

14

# Praia dos Cristais (Laxe)

*Esta playa, en la que el mar transmite la calma necesaria para pasar un rato tranquilo y desconectar, invita a hacer un alto en el Camiño dos Faros, la senda costera de paisajes espectaculares por la que tanto me gusta andar y correr. Además, hay otros lazos que me unen a Laxe: es el pueblo en donde Nado se abastece de pescado y en el que viven mis padres.*

Esta praia, na que o mar transmite a calma necesaria para pasar un intre tranquilo e desconectar, convida a facer unha parada no Camiño dos Faros, o sendeiro de costa con paisaxes espectaculares polo que tanto me gusta andar e correr. Asemade, outros lazos me unen a Laxe: é o lugar no que Nado se abastece de peixe e onde viven os meus pais.

At this beach, the sea transmits the calm needed to disconnect and spend a peaceful moment here, providing a pause along the Camiño dos Faros, the coastal hike full of spectacular landscapes that I so like to walk and jog through. Furthermore, Other links tie me to Laxe: it's the town where Nado gets his fish and where my parents live.

**Iván Domínguez**
*Cociñeiro. Nado*

# 15 Gabenlle (A Laracha)

*A área recreativa de Gabenlle é un deses sitios que molan, co río Anllóns de fondo xunto a pasarelas de madeira e camiños para perder un anaco entre vexetación e muíños antes de prender as brasas. As mesas baixo as árbores e o aire fresco son ese plan de domingo que pide familia, lume vivo e moitas risas.*

El área recreativa de Gabenlle es un sitio de esos que molan, con el río Anllóns de fondo junto a pasarelas de madera y caminos para perderse un rato entre vegetación y molinos antes de encender las brasas. Las mesas bajo los árboles y el aire fresco son ese plan de domingo que pide familia, fuego vivo y muchas risas.

The Gabenlle recreation area is a cool spot, with the Anllóns river in the background and boardwalks and paths to get lost for a while among the vegetation and water mills, before lighting up the barbecue. The tables beneath the trees and the fresh air are the type of Sunday plan that begs for family, crackling flames, and a lot of laughs.

**Moncho Bargo e Javi Freijeiro**
*Cociñeiros e propietarios. Pracer Zalaeta*

Deputación DA CORUÑA

# A paisaxe que sabe

## Non perdas

1. Fervenza de Castriz Santa Comba)
2. Praia de Area Maior (Muros)
3. Mercado da Praza de Lugo (A Coruña)
4. Praia de Area Pequena (Malpica)
5. A Ponte Maceira (Ames/Negreira)
6. Padrón
7. Catedral de Santiago
8. Praia da Arnela (Fisterra)
9. Pesqueiras do Tambre (Outes/ Noia)
10. Pico Sacro (Boqueixón)
11. Castro de Baroña (Porto do Son)
12. Cabana de Bergantiños
13. Miradoiro da Bailadora (Ares)
14. Praia dos Cristais (Laxe)
15. Gabenlle (A Laracha)
16. Praia de Soesto (Laxe)
17. Cabo Prior (Ferrol)
18. Calas da Pobra do Caramiñal
19. Fervenza da Noveira (Mazaricos)
20. Miradoiro de Monte Branco (Ponteceso)

● Restauradores/as
● Produtores/as

Deputación DA CORUÑA

turismo.dacoruna.gal
@DACTurismo
Turismo da Deputación da Coruña
Dacturismo

16

# Praia de Soesto (Laxe)

*Soesto é o meu refuxio, un auténtico paraíso ao que me gusta ir a relaxarme e a desconectar, e no que en ocasións mesmo atopo a chispa de inspiración necesaria para crear pratos novos. Trátase dunha praia amplia e totalmente salvaxe, de mar bravo e horizonte infinito nunha contorna virxe, que brinda solpores que son pura maxia.*

Este es mi refugio, un verdadero paraíso al que me gusta ir para relajarme y desconectar, y en el que a veces encuentro la chispa de inspiración necesaria para crear nuevos platos. Es una playa amplia y totalmente salvaje, de mar bravo y horizontes infinitos en un entorno virgen, que brinda una puesta de sol que es pura magia.

This is my refuge, a true paradise where I like to go to relax and disconnect, and where sometimes I find the spark of inspiration I need to create new dishes. It's an open, completely wild beach, with a rough sea and infinite horizons in an untouched landscape, which offers a sunset that's pure magic.

**Víctor Basante**
*Xefe de cociña. Arrueiro*

17

# Cabo Prior (Ferrol)

*Non é só un lugar: é unha emoción. Esta lingua de terra que se atreve a camiñar sobre o mar entre cantís de vertixe e ventos salobres, debuxa unha paraxe impoñente. Xunto ao faro sinto toda a inmensidade do Atlántico mentres deixo voar a imaxinación ante un solpor único. A paisaxe sobrecolledora provócame nostalxia e tamén resulta moi inspiradora.*

No es solo un lugar: es una emoción. Esta lengua de tierra que se atreve a caminar sobre el mar entre acantilados de vértigo y vientos salobres dibuja un paraje imponente. Junto al faro siento toda la inmensidad del Atlántico mientras dejo volar la imaginación ante una puesta de sol única. El sobrecogedor paisaje me provoca nostalgia y es también muy inspirador.

It's not only a place: it's an emotion. This tongue of land that dares to pass over the sea, between vertigo-inducing cliffs and blowing winds, paints an imposing picture. Besides the lighthouse, I feel the immensity of the Atlantic as I set my imagination free before a unique sunset. The overwhelming setting brings me both nostalgia and inspiration.

**Daniel López**
*Cociñeiro. O Camiño do Inglés*

# 18 Calas da Pobra do Caramiñal

*Faite cun kit de fanequeiras/pés duros e pantalón curto/bañador, asegúrate de que haxa baixamar e comeza a camiñar por calas agochadas, dende San Antonio ata Lombiña pasando por Ladiña, Niñeiriños, Agronovo, A Barca e Cabío. Faciámolo así de nenos, entreténdonos con algunha falcatruada. Gozarás do mar, da montaña, de vistas, de beleza… e de vida.*

Hazte con un kit de ***fanequeiras***/pies duros y pantalón corto/bañador, asegúrate de que haya bajamar y camina por calas escondidas, desde San Antonio hasta Lombiña pasando por Ladiña, Niñeiriños, Agronovo, A Barca y Cabío. Así lo hacíamos de niños, con alguna que otra travesura. Disfrutarás del mar, la montaña, la vistas, la belleza… y la vida.

Get your hands on water shoes and shorts or a swimsuit, make sure that it's low tide, and walk through the hidden beaches from San Antonio to Lombiña, passing through Ladiña, Niñeiriños, Agronovo, A Barca and Cabío. This, along with some mischief, is how we did it as children. You'll enjoy the sea, the mountains, the views, the beauty… and life.

**Kike Piñeiro**
*Cociñeiro e copropietario. A Horta do Obradoiro*

# 19

# Fervenza da Noveira (Mazaricos)

*Para nós é un lugar especial, un deses sitios que convida á paz e á relaxación. Gústanos visitala para desconectar, respirar aire puro e deixarnos levar polos sons da natureza: o murmurio da auga que cae, o bisbeo das árbores, o canto dos paxariños… Mergúllanos na Galicia máxica nunha contorna de vexetación frondosa a só uns metros da estrada.*

Es un lugar especial, de esos que invitan a la paz y al relax. Nos gusta visitarlo para desconectar, respirar aire puro y dejarnos llevar por los sonidos de la naturaleza: el murmullo del agua al caer, el susurro de los árboles, el canto de los pájaros... Nos lleva a la Galicia mágica en un entorno de exuberante vegetación a pocos metros de la carretera.

It's one of those special places that bring peace and relaxation. We like to visit to disconnect, breathe pure air and let ourselves be guided by the sounds of nature: the murmur of falling water, the whisper of trees, birdsong… We are brought into the "magic" Galicia surrounded by exuberant vegetation, only a few meters from the road.

Lara Alvarellos e Fabián Mouzo
*Xerentes. O Camiño Fala*

# 20 Miradoiro de Monte Branco (Ponteceso)

*Este miradoiro álzase sobre unha das dunas rampantes máis grandes de Europa e agasállanos cunha fermosa vista da ría de Corme e Laxe e da desembocadura do río Anllóns, que forman unha das paraxes máis espectaculares da Costa da Morte. Son paisaxes que inspiraron a maior parte da obra de Eduardo Pondal, hoxe vixiante de pedra dende un monolito.*

Este mirador se alza sobre una de las dunas rampantes más grandes de Europa y nos regala una hermosa vista de la ría de Corme y Laxe y de la desembocadura del río Anllóns, que forman uno de los parajes más espectaculares de la Costa da Morte. Son paisajes que inspiraron la mayor parte de la obra de Eduardo Pondal, hoy vigía de piedra desde un monolito.

This lookout point extends above one of the largest sand dunes in Europe and gifts us a beautiful view of the Corme and Laxe estuary, as well as the mouth of the Anllóns river, which together form one of the most spectacular landscapes on the Costa da Morte. These views inspired a large part of the writings of Eduardo Pondal, who now stands watch in stone from atop a monolith.



**Silvia Facal**
*Xefa de cociña. Balarés*

Deputación DA CORUÑA
A paisaxe que sabe
Nado en:
NARÓN
Na súa memoria:
A casa dos avós
OZA, CESURAS
Estudos:
CIFP Fraga Do Eume
PONTEDEUME
Un clásico da súa carta:
O Requeixo
A CAPELA
Un indispensable:
Casa Caneiro
VALDOVIÑO
Recuncho favorito:
Miradoiro San Pedro
A CORUÑA
ADRIÁN PÉREZ
SINXELO. FERROL
turismodacorunagal

# Restauradores/as

Deputación da Coruña
A paisaxe que sabe

## RETIRO DA COSTIÑA

Avda. de Santiago, 12 • 15840 Santa Comba
Teléf. 981 880 244 • info@retirodacostina.com
www.retirodacostina.com • @rdecostina

## A TAFONA

Rúa Virxe da Cerca, 7 • 15703 Santiago • Teléf. 981 562 314
reservas@restauranteatafona.com • www.luciafreitas.es
@atafonarestaurante

## ÁRBORE DA VEIRA

Monte de San Pedro • Estrada Os Fortes s/n 15011 A Coruña
Teléf. 981 078 914 • www.arboredaveira.com • @arboredaveira

## AS GARZAS

Porto Barizo, 40 • 15113 Malpica de Bergantiños
Teléf. 981 721 765 • info@asgarzas.com
www.asgarzas.com • @asgarzas

# Restauradores/as

Deputación da Coruña

A paisaxe que sabe

## CASA MARCELO

Hortas, 1 • 1505 Santiago de Compostela • Teléf. 981 558 580
reservas@casamarcelo.net • www.casamarcelo.net
@rcasamarcelo

## O PAZO

Pazos, s/n • 15900 Padrón • Teléf. 671 903 406
info@asadoropazo.es • www.asadoropazo.es
@asador.opazo

## SIMPAR

Rúa do Vilar, 47, baixo • Santiago de Compostela
Teléf. 881 977 601 • reservas@restaurantesimpar.com
www.restaurantesimpar.com • @restaurantesimpar

## TERRA

Paseo da Ribeira, 65 • 15155 Fisterra • Teléf. 981 41 83 75
terrafisterra@gmail.com • www.terrafisterra.com
@terra_restaurante_fisterra

# Restauradores/as

Deputación DA CORUÑA A paisaxe que sabe

## O SECADEIRO

Lugar Banzas, 18 • 15237 Outes • Teléf. 881 308 134
www.osecadeiro.es • @osecadeirorestaurante

## O BALADO

Ardesende, 3 • 15881 Boqueixón
Teléfs. 657 290 362 / 639 89 37 49 • www.obalado.com

## ESPAZO ABELLA

Lugar de Formarís, 26A • Santiago de Compostela
Teléf. 604 055 938 • admin@espazoabella.com
www.espazoabella.com • @espazo_abella

## GRUPO PECULIAR

Rúa Galera, 17 • 15003 A Coruña • Teléf. 981 975 897
peculiarcoruna@gmail.com • www.grupopeculiar.com
@peculiarcoruna

# Restauradores/as

Deputación da Coruña
A paisaxe que sabe

## MUELLE 43

Avenida de Mar, 43, baixo • 15620 Mugardos
Teléf. 981 472 009 • @muelle43

## NADO

Callejón de la Estacada, 9 • 15001 A Coruña • Teléf. 981 979 433
www.nado.es • @nadorestaurante

## PRACER ZALAETA

Rúa Salgado Somoza, 13, baixo • 15002 A Coruña
Teléf. 981 009 750 • www.restaurantepracerzalaeta.com
@pracerzalaeta

## ARRUEIRO

Lugar de Arrueiro, s/n, Soesto • 15118 Laxe
Teléf. 617 747 206 • info@arrueiro.com • www.arrueiro.com
@arrueiro_

# Restauradores/as

Deputación DA CORUÑA A paisaxe que sabe

## O CAMIÑO DO INGLÉS

Rúa Espartero, 77 • 15401 Ferrol • Teléf. 981 352 090
info@caminodoingles.com • www.ocaminodoingles.com
@ocaminodoingles

## A HORTA DO OBRADOIRO

Rúa das Hortas, 16 • 15705 Santiago • Teléf. 881 031 375
ahortadoobradoiro@gmail.com • www.ahortadoobradoiro.com
@ahortadoobradoiro

## O CAMIÑO FALA

Lugar de Quintáns, 3 • 5256 Mazaricos • Teléf. 881 564 350
ocaminofala@gescahoteles.com • @caminofala

## BALARÉS

Balarés, 3 - Ponteceso • Teléf. 622 591 400 • hola@balares.es
www.balares.es • @balareshotel

Deputación DA CORUÑA

# A *paisaxe* que sabe

**PERCEBE**

*turismodacorunagal*

# Produtores/as

Deputación DA CORUÑA A paisaxe que sabe

## ORIXES GALEGAS

Boqueixón • Teléf. 659 760 619
orixesgalegas@gmail.com • @orixesgalegas

## EMPANADAS TERNURA

Pol. Pocomaco, C1-G10 • 15190 A Coruña • Teléf. 881 255 349
info@ternura.es • www.ternura.es • @ternura_empanadas

## CAFÉS LÚA

Rúa A Rega, 29 - Bértoa • 15105 Carballo • Teléf. 981 755 907
info@cafeslua.com • www.cafeslua.com • @cafes_lua

## CHICHALOVERS

Rúa Aller Ulloa, 5 • Santiago • Teléf. 698 129 565
www.chichalovers.gal • @chichalovers.santiago

# Produtores/as

Deputación da Coruña
A paisaxe que sabe

## MARISCOS DE BARALLOBRE

Peirao de Barallobre, s/n • 15528 Fene • Teléf. 656 832 743
cofradia@cofradiabarallobre.com • www.mariscosdebarallobre.com
@cofradiabarallobre

## A CONSERVEIRA

Aldea Fafián, 30 D • 15960 Ribeira • Teléf. 881 943 533
info@aconserveiratradicion.com • www.aconserveiratradicion.es
@conservas_aconserveira

## BONILLA A LA VISTA

Avenida Arsenio Iglesias • 15142 Arteixo • Teléf. 981 602 607
correo@bonillaalavista.com • www.bonillaalavista.com • @bonillaalavista

## QUEIXO GALMESÁN

Lugar de Teiraboa, s/n • 15810 Arzúa • Teléf. 981 508 078
gerencia@galmesan.es • www.galmesan.es • @queso_galmesan

# Produtores/as

Deputación DA CORUÑA A paisaxe que sabe

## LA DESPENSA D´LUJO

Vila de Cee, 8, baixo • Carballo • Teléf. 681 096 729
www.ladespensadelujo.es • @ladespensadelujo

## PANDEJUEVO

Rúa A Coruña, 8 • 15270 Cee • Teléf. 881 340 010
hola@pandejuevo.com • www.pandejuevo.com • @pandejuevo

## ALGAS MAR DE ARDORA

Polígono Industrial A Rega-Cuíña Parc. 97 • 15332 Ortigueira
Teléf. 881 122 935 • info@mardeardora.es
www.mardeardora.es • @algas_ardora

## BODEGAS LODEIROS

Vía Faraday, 20 • 15890 Santiago de Compostela
Teléf. 981 586 437 • www.bodegaslodeiros.com
@bodegaslodeiros

# Produtores/as

Deputación da Coruña
A paisaxe que sabe

## MARTIETAS DE FÍO

Parroquia de Guísamo, parcela A1 - nave 6 • 15165 Bergondo
Teléf. 645 209 443 • Info@martietasdefio.com
www.martietasdefio.com • @martietasdefio

## APIA NATURA

Lugar As Tablas, 74 • Oza-Cesuras • Teléf. 881 898 020
www.apianatura.com • @apianatura, @melias_miel

## GIN VÁNAGANDR

A Telva, 13, baixo • 15181 Cambre • Teléf. 981 653 457
compras@vanagandr.com • www.vanagandr.com • @vanagandr

## SAN ISIDRO BAKERY

San Isidro, 3 • Bergondo • Teléf. 981 791 203
www.sanisidrobakery.com • @sanisidrobakery_1906, @lucinolopez

# Produtores/as

Deputación da Coruña
A paisaxe que sabe

## PAGOS DE BRIGANTE

Paseo Antolín Faralde, 10, baixo • 15300 Betanzos
Teléf. 630 806 459 • info@pagosdebrigante.com
www.pagosdebrigante.es • @pagosdebrigante_

## CASA DA AVOA

Corga-Cando, 24 • 15286 Outes • Teléf: 669 167 665
www.casadaavoa.es *(en construción)* • @casadaavoa

## XEARTE BRIGITTE

Rúa de San Pedro, 70 • Santiago • Teléf. 981 973 169
www.xearte.es • @xeartebrigitte

## LA DESPENSA DE VILA SEN VENTO

Lugar de Piñeiro, 4, Piñeiro •15823 O Pino • Teléf. 649 906 356
www.despensavilasenvento.com • @VilaSenVento

20xvinte®
www.20xvinte.es
As guías turísticas + riquiñas de Galicia

Edición: novembro 2025
Depósito legal: C1708-2025
Imprime: Improset
Síguenos en Instagram e Facebook
Escríbenos a info@20xvinte.es

Deputación DA CORUÑA

# A *paisaxe* que sabe

- *Terra* — FISTERRA
- *As Garzas* — MALPICA DE BERGANTIÑOS
- *Casa Marcelo* — SANTIAGO DE COMPOSTELA
- *A Tafona* — SANTIAGO DE COMPOSTELA
- *O Balado* — BOQUEIXÓN
- *Retiro da Costiña* — SANTA COMBA
- *Árbore da Veira* — A CORUÑA
- *O Pazo* — PADRÓN
- *Simpar* — SANTIAGO DE COMPOSTELA
- *O Secadeiro* — SERRA DE OUTES

ESTRELAS MICHELÍN 2025

turismodacoruna.gal